

## MATRÍCULA EXÁMENES DELF A TRAVÉS DO CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (USC)

1. Encher o formulario de inscrición (*páxinas 2 e 3*).
2. Realizar unha transferencia do importe correspondente ao nivel ao que desexa presentarse na conta bancaria indicada a seguir:

CONTA Nº **ES21 2080 0300 83 3040030175** de ABANCA (BIC: CAGLESMMXXX)

**IMPORTANTE:** indicar no **CONCEPTO** da transferencia o nome e apelidos da persoa candidata, así como o nivel do exame ao que se presenta.

Exemplo: (Uxía López López - B1)

3. Enviar por correo electrónico ([clm.delf@usc.gal](mailto:clm.delf@usc.gal)) en formato PDF os seguintes documentos:
  - Xustificante bancario da transferencia escanado.
  - Fotocopia do DNI da persoa candidata por ambos lados.
  - Formulario de matrícula cuberto e asinado.

**(Enviar os 3 documentos nun mesmo documento PDF).**

TARIFAS 2025	
A1	87 €
A2	115€
B1	157€
B2	184€
C1	239€
C2	251€

**Importante! Non pode cambiar o número DELF/DALF. Ten que conservar sempre o mesmo número.**

Se tivo unha matrícula anterior nunha proba DELF ou DALF, independentemente do lugar, aínda que non se teña presentado ás probas ou non as teña superado, vostede ten xa adxudicado un número que aparece no seu diploma. É imprescindible notificalo. No caso de non ter realizado nunca un exame DELF ou DALF, seralle atribuído un número de candidata/candidato.

**Xa ten un DELF ou DALF?** Indique o nivel, data, lugar de obtención e nº de candidata/o dos diplomas aprobados anteriormente:

	DELFF A1.1	DELFF A1	DELFF A2	DELFF B1	DELFF B2	DALFF C1
Data						
Centro						
Número de candidata/o						

**OBRIGATORIO: cubrir todos os campos tal e como figuran no seu DNI.**

Data nacemento	-	-
Cidade de nacemento		
País nacemento		
Nacionalidade		
Teléfono		
Mail		

**Ten algunha especificidade funcional?**

NO  Sí: para que o centro de exame poda telo en conta, é obrigatorio entregar, durante o período de matrícula un certificado dun organismo médico oficial, expedido nos últimos 2 anos.

**A qué nivel se presenta?**

- DELF B1 (157€) Campus de **Santiago** – convocatoria de **xuño**
- DELF B1 (157€) Campus de **Lugo** – convocatoria de **xuño**
- DELF B1 (157€) Campus de **Santiago** –convocatoria de **outubro**
- DELF B1 (157€) Campus de **Lugo** – convocatoria de **outubro**
- DELF B2 (184€) Campus de **Santiago** – convocatoria de **xuño**
- DELF B2 (184€) Campus de **Lugo** – convocatoria de **xuño**
- DELF B2 (184€) Campus de **Santiago** –convocatoria de **outubro**
- DELF B2 (184€) Campus de **Lugo** – convocatoria de **outubro**

**A convocatoria para a proba oral e o lugar exacto das probas comunicaranse por correo electrónico como moi tarde 10 días antes do exame**

**Pago:**

**Nº conta bancaria Abanca : ES2120800300833040030175 (concepto: indicar nome e apelidos da persoa candidata)**

**Proba oral individual:**

- As probas orais poden ter lugar de luns a sábado tanto de mañá como de tarde durante o período definido na convocatoria. As persoas candidatas terán a posibilidade de elixir a data da súa proba individual oral a través da plataforma [www.bookeo.com/afsantiago](http://www.bookeo.com/afsantiago) durante un período definido polo centro de exame. Ao final do período de inscrición, recibirán un correo electrónico da Alianza Francesa co procedemento que deben seguir.
- As persoas candidatas poden solicitar o cambio da data e hora do exame oral:
  - o só baixo circunstancias especiais. (Non se aceptarán solicitudes por motivos laborais: o centro de exame expedirá un xustificante a petición da persoa candidata)
  - o sempre con xustificante

Non se aceptará ningunha solicitude de cambio comunicada a menos de 15 días do inicio da convocatoria.

O centro de exame terá conta dos cambios solicitados na medida do posible.

## Condições de aprazamento de exame

### ➤ Aprazamento

En caso de que a persoa candidata no teña podido asistir ao exame por:

- motivos médicos (presentando un xustificante médico con data do día do exame)
  - hospitalización ou falecemento de persoa achegada
  - caso de forza maior (folga de transportes, condicións meteorolóxicas extremas)
- traspasarase a taxa do exame para a seguinte convocatoria.

A inscrición na seguinte convocatoria non será automática e a persoa candidata terá que presentar unha nova ficha de inscrición no período correspondente sen abonar ningunha taxa.

As taxas non poden traspasarse a un exame de nivel diferente.

### ➤ Reembolso

Reembolsarase a taxa do exame só se se ten presentado a solicitude de devolución antes da fin do período de inscrición establecido e se está acompañada dun xustificante. Devolverase o importe da taxa do exame correspondente aplicando unha penalización por xestión administrativa de 15 euros.

*Documentación necesaria para o reembolso:*

*Documentación acreditativa da persoa titular da conta bancaria/datos da conta bancaria.*

Os reembolsos sempre se realizarán por transferencia bancaria.

A solicitude e os documentos acreditativos deben enviarse ao seguinte correo: info@afsantiago.es

Todas as solicitudes de reembolso aprobadas procesaranse nun prazo de 30 días a partires da recepción da documentación completa.

## Consulta de exames

Na aplicación das disposicións relativas á lei nº78-753 do 17/07/1978, completada pola lei nº79-587 do 11/07/1979 e polo decreto nº2005-1755 do 30 de decembro de 2005 (cf. Tamén as notas de servizo nº82-28 del 15/01/1982, nº85-041 do 30/01/1985 e nº88-143 del 10/06/1988), toda persoa candidata que non teña aprobado (e unicamente quen non teña aprobado) pode consultar o seu exame:

- Farase mediante unha **solicitude formal por escrito** redactada pola persoa candidata ou polas persoas titoras legais se é menor de idade.
- O exame só poderá ser consultado no centro de exame e sempre en presenza da persoa candidata. O centro de exame non está autorizado a entregar ningunha fotocopia do exame á persoa candidata.
- Ao ser o DELF un exame do Ministerio de Educación francés, unha consulta de exame non pode dar lugar a unha *reclamación* para unha nova corrección do exame: os exames xa teñen sido revisados por un tribunal que ten decisión soberana e definitiva.

## Protección datos persoais

*Pola presente, consente de forma expresa o tratamento dos seus datos, así como autoriza a publicación destes na listaxe de cualificacións e convocatoria a exame que poderá aparecer tanto na páxina web como nas propias dependencias do centro. Estes datos aparecerán seudonimizados mediante a utilización do número de candidato/a.*

*Estes datos persoais serán tratados de conformidade co Regulamento UE 2016/679, para a finalidade de realización da matrícula e realización de exames no Centro de Linguas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela, que será a responsable do tratamento. O Delegado de Protección de Datos é D. José Julio Fernández Rodríguez, dpd@usc.es*

*A base de xustificación do tratamento é o consentimento das persoas interesadas.*

*As persoas interesadas poden exercer ante o responsable os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da USC:*

<https://sede.usc.es/sed/publico/catalogo/procedimiento/55/ver.htm>

*Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar as reclamacións que consideren oportunas. Os datos poderán ser cedidos a terceiros sempre e cando sexa necesario por obriga legal o para o cumprimento do fin perseguido e serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a que foron recollidos, o tempo necesario para cumprir cos deberes legais. Cumprida a finalidade, os datos bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables. A política de privacidade e protección de datos da USC pode consultarse na web:*

<http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/politica-privacidad.html>

Nome e Apelidos: .....

D.N.I.: .....

Data : .....

Sinatura : .....